



BBVA

Document@

Marzo 2002

Confederación Intersindical Galega ♦ SECCIÓN SINDICAL BBVA

Acordo sobre

Préstamos Sociais

Para o cadro de persoal do BBVA

PRIMEIRO.

O presente Acordo homoxeiniza as condicións dos préstamos sociais aos empregados de BBVA, derogando todas as condicións que rexían na materia nas Entidades de procedencia, sendo a partir da súa sinatura, portanto, xunto co Convenio Colectivo, o único rexime vixente nesta materia para todos os empregados en activo e prexubilados do Banco Bilbao Vizcaya Argentaria en España.

Non obstante, os créditos sociais xa vixentes á sinatura deste Acordo, ao amparo de Pactos Colectivos, continuarán nas mesmas condicións con que foron concedidos, con excepción do tipo de interese, segundo os termos previstos na cláusula 5ª deste Acordo.

SEGUNDO

PRÉSTAMOS SEN INTERESE.

Nesta materia estará-se ao previsto en cada momento polo Convenio Colectivo, excepto na determinación do concepto "mensualidade" que, para estes préstamos sen interese regulados no artº 39 do XVIII Convenio Colectivo, determinará-se da seguinte maneira: A ditos efectos enténdese por mensualidade, un catorceavo do soldo e aumentos de antigüidade, incluído complemento de fusión e antigüidade consolidada, anualizados, tendo en conta o número de pagas que efectivamente se perciban.

TERCEIRO

PRÉSTAMOS PARA ADQUISICIÓN DE VIVENDA HABITUAL.

Con esta mellora social fica absorbido e compensado o establecido no Convenio Colectivo para a mesma finalidade, sen que poda, portanto, acoller-se a ambas modalidades de crédito.

Poderá acceder o persoal fixo do cadro de persoal con dous anos de antigüidade na Empresa, nas seguintes condicións:

Límite de concesión:

Até catro veces o Nivel Salarial Anual do solicitante; é dicir, até catro anualidades de todos os conceptos salariais retributivos previstos no art.12, do XVIII Convenio Colectivo, incluídas as retribucións voluntarias, o complemento de fusión e a antigüidade consolidada, e con excepción previsto na letra g) do artigo 12 citado e dos complementos funcionais ou de posto de traballo que pola súa propia natureza teñen un carácter conxuntural. Naqueles

casos en que se trate do troco da vivenda que se viñese ocupando en propiedade, exixirá-se que o produto que se obteña pola súa venda se destine a financiar a compra da nova que se trate de adquirir. Por iso, o crédito que se conceda será, como máximo, dun importe igual á diferenza entre o prezo da nova vivenda e o produto que se obteña da venda da anterior.

O importe concedido non poderá superar ao 100% do prezo da vivenda.


Asimismo no caso de

que o cónxugue traballe no Banco, a suma dos créditos concedidos ao matrimonio non poderá superar o 100% do prezo da vivenda.

Tipo de interese nominal anual.

O tipo resultante, calculará-se para cada ano natural en función do Euribor meo a 1 ano para préstamos hipotecarios publicado no Boletín Estatístico do Banco de España, correspondente ao mes de Outubro do ano anterior.

O diferencial sobre Euribor para toda a vida do préstamo calculará-se sobre o importe concedido como se indica a



continuación:

Cando a cuantía inicial do préstamo sexa igual ou menor a 100.000 Euros, o tipo a aplicar será o 95% do Euribor citado anteriormente

Cando a cuantía do préstamo sexa por importe superior a 100.000 Euros, o % a aplicar sobre Euribor será a meia ponderada resultante de aplicar o 95% do Euribor considerado até 100.000 Euros, e o 110% do Euribor sobre o importe que exceda.

No caso de baixa no cadro de persoal, por excedencia voluntaria, dimisión ou despido, o tipo de interese pasará a ser o de clientes para este tipo de operacións, e formalizará-se o préstamo en hipoteca.

Prazo de amortización.

Máximo de 20 anos. En nengun caso o prazo de amortización poderá estender-se máis alá do tempo en que se estime vaia a producir-se a baixa no cadro de persoal da Empresa por xubilación.

Formalización.

Póliza sen intervir. Estes créditos estarán amparados por un Seguro Colectivo de Vida a favor do Banco, que garanta o capital pendente de amortizar en cada momento, sendo a prima a cargo do empregado beneficiario do crédito.

CUARTO

CRÉDITO VARIO

Estabelece-se un préstamo consumo para a atenzón de necesidades do persoal tais como: Adquisición de mobiliario, electrodomésticos, reparación de vivenda, gastos de enfermidade e outros supostos, que en calquera caso exclúen investimentos e negocios.

Limite de concesión:

Até 12 mensualidades do Nivel Salarial Anual do solicitante; é dicir, até 12 mensualidades brutas de todos os conceptos retributivos previstos no art.12 do XVIII Convenio Colectivo, incluídas as retribucións voluntarias, o complemento de fusión e a antigüidade consolidada, e con excepción previsto na letra g) do citado art.12 e os complementos funcionais ou de posto de traballo que pola súa propia natureza teñen carácter conxuntural.

Debe entender-se por mensuralidade, a estes sós efectos, a retribución anual dos conceptos citados no parágrafo anterior, dividido por catorce.

Tipo de interese nominal anual:

O tipo vixente cada ano será Euribor meio a 1 ano publicado polo Banco de España no Boletín Oficial do Estado correspondiente ao mes de Outubro anterior máis 1,25 puntos.

Sen comisions.

Prazo de amortización

Máxima 7 anos.

Formalización

Póliza sen intervención de Axente.

QUINTO

CONSIDERACIÓNS XERAIS.

Limite de endebedamento

Non se poderán ter concedidos créditos recollidos neste Acordo que, no seu conxunto, supoñan unha amortización anual superior ao 30% de todos os conceptos retributivos do empregado considerados na cláusula 3ª e 4ª deste Acordo.

Este 30% poderá atinxir o 40%, cando se teña concedido un anticipo sen interese regulado no Convenio Colectivo.

Prazo de amortización.

O prazo de amortización para todo tipo de créditos ao persoal, en nengun caso, poderá estender-se máis alá do tempo en que se estime vaia a producir-se a baixa no cadro de persoal da empresa.

A cuota de amortización terá periodicidade mensual, cadrando coa data de abono da nómina.

Data de liquidación de intereses de préstamos.

A liquidación de intereses para os créditos concedidos por Recursos Humanos realizarán-se mensualmente, cadrando coa data de abono da nómina.

Revisión anual de tipos de interese.

Os novos créditos e os existentes en carteira administrados por Recursos Humanos revisarán-se anualmente, con efecto 20 de Decembro de cada ano, en base aos tipos de referencias sinalados para cada modalidade de crédito, actualizándose os tipos de interese, e por conseguinte a cuota de amortización, para o novo período anual .

Aplicación dos novos tipos de interese.

Os tipos resultantes ao aplicar diferenciales sobre Euribor serán obtidos sen redondeos.

Con carácter xeral, os novos tipos de interese pactados neste Acordo, aplicarás-se a todos os créditos en vigor, segundo modalidades, e calculados en base ao capital prestado inicialmente.

Non obstante, quen manifestaran o seu desexo de manter as súas actuais condicións, deberán comunicá-lo por escrito á súa correspondente Unidade Territorial de Recursos Humanos no prazo máximo de 30 días, para que ésta proceda a regularizar a liquidación nos termos que viña disfrutando anteriormente.

Os novos tipos resultantes aplicarás-se desde a data da primeira amortización que se produza desde a sinatura deste Acordo, e farán-se efectivos a partir da primeira liquidación que se efectúe durante o mes de Abril.

Para aqueles créditos que estexan formalizados en hipoteca ou a tipo de interese fixo, a adecuación aos novos tipos de interese requereará das formalidades e os gastos que procedesen, para adecuarlos a estas novas circunstancias.

SEXTO.

As partes asinantes asumen o compromiso de que no caso de que se produzan circunstancias que así o aconsellen, e a petición de calquera das partes, desenvolverán-se conversacións para adaptar estas condicións ás novas circunstancias mediante novo Acordo.

Madrid, 15 de marzo de 2002



Confederación Intersindical Galega